

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

- 9243** *Orde FOM/1613/2016, do 4 de outubro, pola que se modifica a Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para a obtención dos títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.*

A Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para a obtención dos títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal, supuxo a incorporación ao ordenamento xurídico interno da Directiva 2007/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, sobre a certificación dos maquinistas de locomotoras e trens no sistema ferroviario da Comunidade. Xa se indicaba nela que habería futuras modificacións ante as previsibles medidas que adoptaría a Comisión Europea en relación coas condicións e criterios de aplicación da Directiva 2007/59/CE, co fin de propiciar a maior harmonización posible a nivel europeo.

A Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, modificouse mediante a Orde FOM/679/2015, do 9 de abril, co fin de cumprir un dobre obxectivo. Por unha banda, incorporar a Decisión da Comisión do 22 de novembro de 2011 sobre os criterios para o recoñecemento dos centros que participan na formación dos maquinistas, os criterios de recoñecemento dos examinadores e os criterios para a organización dos exames, de conformidade coa Directiva 2007/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello.

Así mesmo, incorporouse, no que se considerou necesario, a Recomendación da Comisión do 22 de novembro de 2011 sobre o procedemento de recoñecemento de centros de formación e examinadores de maquinistas, conforme a Directiva 2007/59/CE, do Parlamento Europeo e do Consello.

Tamén incluíu modificacións en relación cos coñecementos necesarios e exixencias médicas precisas para acceder á licenza de conducción, conforme a Directiva 2014/82/UE, que modificou a Directiva 2007/59/CE, no que respecta aos coñecementos profesionais xerais, aos requisitos médicos e ás prescricións relativas á licenza.

A presente modificación ten por obxecto incorporar a Directiva (UE) 2016/882 da Comisión, do 1 de xuño de 2016, que modifica a Directiva 2007/59/CE no que respecta aos requisitos lingüísticos. Esta norma comunitaria exixe, en casos moi específicos e sempre que se cumpran unha serie de condicións, os maquinistas cuxa lingua nativa non é o castelán e que se limitan a alcanzar unha estación fronteiriza dun Estado membro veciño, neste caso España, de cumprir os requisitos lingüísticos de nivel B1.

Durante a tramitación desta orde foron oídos as entidades ferroviarias e demais interesados no sector ferroviario e o Consello Nacional de Transportes Terrestres.

Na súa virtude, por proposta da Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria, coa conformidade do secretario xeral de Infraestruturas e do secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para a obtención dos títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.*

Un. O número 1.3.4 do anexo V queda redactado como segue:

«V.1.3.4 Coñecementos lingüísticos.

Proba lingüística:

1. Esta epígrafe será exigible para os certificados de categoría A ou B.
2. Os maquinistas que se deban comunicar co administrador da infraestrutura sobre cuestións esenciais relacionadas coa seguridade deberán posuír a necesaria competencia lingüística en castelán (correspondente ao oficial para os administradores de infraestruturas da Rede ferroviaria de interese xeral). A dita competencia lingüística deberalles permitir comunicarse de xeito activo e eficaz en situacións tanto rutineiras coma degradadas e de emerxencia. Deberán poder empregar as mensaxes e o método de comunicación especificados nas ETI «explotación e xestión do tráfico».
3. Co fin de satisfacer os requisitos enumerados no punto anterior, os maquinistas deberán ter unha capacidade de comprensión oral e escrita e de comunicación oral e escrita correspondente ao nivel B1 do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER) establecido polo Consello de Europa.
4. No caso dos tramos entre as fronteiras e as estacións situadas na súa proximidade e designadas para operacións transfronteirizas, o administrador de infraestruturas poderá eximir os maquinistas da obriga de cumprir os requisitos previstos no número 3, coa condición de que se aplique o procedemento seguinte:
 - a) A empresa ferroviaria solicitará unha excepción do administrador de infraestruturas para os maquinistas interesados. Co fin de garantir o tratamento xusto e equitativo dos solicitantes, o administrador de infraestruturas aplicará a todas as solicitudes de excepción presentadas o mesmo procedemento de avaliación, que formará parte da declaración sobre a rede;
 - b) O administrador de infraestruturas concederá unha excepción se a empresa ferroviaria pode demostrar que estableceu mecanismos suficientes para garantir a comunicación entre os maquinistas interesados e o persoal do administrador de infraestruturas en situacións tanto rutineiras como degradadas e de emerxencia, conforme o número 2;
 - c) As empresas ferroviarias e os administradores de infraestruturas garantirán que o persoal interesado coñeza as ditas normas e mecanismos e reciba formación adecuada a través dos seus propios sistemas de xestión da seguridade.»

Dous. Modifícase a disposición derradeira sétima, que queda redactada como segue.

«Disposición derradeira sétima. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpóranse ao dereito español a Directiva 2007/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a certificación dos maquinistas de locomotoras e trens no sistema ferroviario da Comunidade, e a Directiva (UE) 2016/882 da Comisión, do 1 de xuño de 2016, que modifica a Directiva 2007/59/CE no que respecta aos requisitos lingüísticos.»

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

Considerarase que os maquinistas que obtivesen a licenza antes da entrada en vigor desta orde cumpren os requisitos establecidos nela. Así mesmo, seguirán sendo válidos os certificados complementarios emitidos para as infraestruturas afectadas antes da entrada en vigor desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 4 de outubro de 2016.–O ministro de Fomento, P.S. (Real decreto 298/2016, do 18 de xullo), o ministro de Xustiza, Rafael Catalá Polo.